

VOTA CGT



Manolito Rastamán...2014



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

www.cgtgalicia.org

www.rojoynegro.info

VOTA CGT

A Confederación Xeral do Traballo (**CGT**) é unha organización de traballadoras e traballadores que toma as súas decisións de forma asemblearia e pretende transformar a sociedade para facela máis xusta, máis igualitaria e máis libre. Para poder levar a cabo este cambio social a **CGT** comeza intervindo na realidade máis próxima, o posto de traballo, aínda que vai moito máis alá, incidindo tamén en todos os demais ámbitos da vida (a vivenda, a sanidade, o ensino, o medio, calquera tipo de discriminación, o antimilitarismo, os servizos públicos,etc...)

HAI QUE CAMBIAR A REALIDADE

Hoxe en día, en calquera centro de traballo, **nos encontramos de fronte coa precariedade**: dobres escalas salariais, perda de poder adquisitivo e soldos de miseria, flexibilidade e mobilidade, aumento dos ritmos de traballo, cambios de turno e **redución de dereitos laborais que son pactados cos sindicatos do réxime** sen preguntarnos, peches de empresas, deslocalizacións, despedimentos masivos... e unha morea de agresións que parecen ser asumidas pola sociedade como algo natural.

Contra esta orde de cousas é contra o que loita a **CGT**.

Porque cando os traballadores nos unimos en defensa dos nosos intereses, cando somos nós quen tomamos as decisións que nos afectan, **cando nos organizamos e tomamos conciencia de que se pode realizar este cambio**, comezando por asumir a responsabilidade de decidir sobre os nosos propios asuntos, entón comeza esa transformación da realidade que pretendemos.

PORQUÉ **CGT**?

A **CGT** é un **sindicato autónomo e independente** de calquera outro interese que non sexa o dos traballadores que o constituímos, **alio a estruturas políticas, empresariais, relixiosas ou doutro signo**, que toma as súas propias decisións con mecanismos de **democracia directa, en asemblea**. As delegadas e os delegados da **CGT** son voceiros, persoas elixidas polos seus compañeiros e compañeiras, para que desenvolvan o noso modelo sindical, baseado na participación, na reivindicación e na mobilización.

A **CGT** practica un sindicalismo **radicalmente diferente** ao dos sindicatos do réxime, utilizando para iso os nosos propios sinais de identidade, que son a participación, a solidariedade, a transparencia, a ética e a acción directa. Formulamos directamente as nosas reivindicacións e problemas á empresa sen intermediación de ninguén, **tomando as decisións entre todos e todas**.

Son precisamente estes mecanismos os que garanten que as cousas poidan cambiar cando a afiliación da **CGT** decide presentarse a Eleccións Sindicais.

É por todo iso que che pedimos o voto para a **CGT**. É por iso que queremos que te organices na **CGT**. Pero se ao final decides outra cousa, o que che pedimos é que non te deixes manipular. Que decidas por ti, que sexa a túa propia decisión. Que non lles deas un cheque en branco co teu carné de identidade para que voten por ti por correo, porque iso é unha indignidade que pagamos todas e todos.

Para que ti decidas. Para que sexas protagonista da túa propia vida.

Votar **CGT é votar honradez e compromiso.**

NON O DUBIDES VOTA **CGT**